






Nº DA FOLLA :

OBSERVACIÓNS :
Este documento realizouse montando os planos que constan no expediente. Atendendo as indicacións da proposta de clasificación.

37 38
36 35
C.M.V.M.C. DE ABELEDA
SUP. = 7,535 has. Aprox.

DATA : MARZO-2009
ESCALA : 1/5.000
AUTOR : TOPOGRAFIA
TRABALLO : PLANO DE CLASIFICACIÓN
CONCELLO : LALIN
COMUNIDADE : ABELEDA
PARROQUIA : VILANOVA
MONTE : O ESPÍÑO

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
SERVICIO DE MONTES-DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA





O Xurado Provincial de Clasificación de Montes veciñais de Pontevedra, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Gonzalo Constenla Bergueiro
(Delegado Provincial da Consellería do Medio Rural)

VOCALIS

Dña. M^a. Jesús Novoa Suárez
(Letrada do Gabinete Xurídico Territorial de Pontevedra)
D. Jesús de la Fuente Villar
(Xefe do Servizo de Montes e Industrias Forestais)
D. Víctor Abelleira Argibay
(Representante colexio de avogados da provincia)

VOCALIS REPRESENTANTES DOS VECIÑOS DE NOGUEIRA.

D. José Jorge Núñez López
D. Manuel Fernández Lorenzo

VOCALIS REPRESENTANTES DOS VECIÑOS DE ABELEDA.

D. José Pájaro Filgueira
Dña. M^a Belén Raposo Pérez.

SECRETARIA

Dña. Ana Belén Fernández Dopazo.

Na cidade de Pontevedra, sendo as 16:00 horas do día 27/02/09, coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, reúnese na 2^a planta do Edificio Administrativo sito no nº 43 da rúa Fernández Ladreda o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común co obxecto de decidir sobre a clasificación dos montes "Nogueira, Penido e Espiño", solicitados polos veciños de Nogueira, parroquia de Doade e polos veciños do lugar de Abeleda, concello de Lalín.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data de entrada 22/06/06, D. Manuel Fernández Lorenzo, en representación dos veciños do lugar de Nogueira, parroquia de Doade, do concello de Lalín, presenta solicitude de iniciación de expediente de clasificación do monte denominado "Monte de Nogueira" como veciñal en man común para os veciños do lugar de Nogueira, acompañando informe técnico e pericial, describindo o monte, identificación, superficie, ocupacións e lindeiros.

SEGUNDO.- Con data de entrada 22/06/06, D. José Pájaro Filgueira, en representación dos veciños do lugar de Abeleda, parroquia de San Xoán de Vilanova, do concello de Lalín, presenta solicitude de iniciación de expediente de clasificación dos montes denominados "Penidos e Espiño" como veciñal en man común para os veciños do lugar de Abeleda, acompañando informe técnico e pericial, describindo o monte, identificación, superficie, ocupacións e lindeiros.



TERCEIRO.- O Xurado de Montes a vista da documentación aportada e visto que parte do monte denominado "Penidos", solábase entre ámbalas dúas solicitudes, acorda na reunión do 1/8/06 a incoación de expediente para a clasificación co carácter indicado de ditos montes, e a acumulación dos mesmos, así como a súa remisión ó Servizo de Montes e Industrias Forestais, para a elaboración dos informes preceptivos..

CUARTO.- O Servizo de Montes e Industrias Forestais, remite o informe preceptivo do MVMC de Abeleda con data 27/09/07 e do MVMC de Nogueira en data 01/10/07.

QUINTO.- O rexistrador da propiedade de Lalín, certifica con data 26/10/07, que os montes solicitados na parroquia de Doade non aparecen inscrito a nome de persoa algunha.

Nembargantes, sinala que o Monte Penidos, na parroquia de Vilanova, a pesar de que non figura inscrito no Rexistro da Propiedade, no folio 1 do tomo 843 libro 303 do Municipio de Lalín, figura practicada anotación letra A de iniciación do expediente de clasificación do monte veciñal en man común. Polo que respecta ó Monte Espiño, na parroquia de Vilanova, tampouco figura inscrito no Rexistro da Propiedade mais, no folio 2 do tomo 843 libro 303 do Municipio de Lalín, figura practicada anotación letra A de iniciación do expediente de clasificación do monte veciñal en man común.

SEXTO.- Á vista da documentación aportada polos solicitantes e os informes do Servizo de M.I.F. o monte obxecto do presente expediente, obedecen á seguinte descrición:

CONCELLO: LALIN

LUGAR: NOGUEIRA

PARROQUIA: DOADE

PARCELA 1

Cabida: 26,708 Has. (superficie alegada na solicitude) *modif. rec. repor.*

Lindes:

Norte: Camiño

Sur: Predios particulares de José Pérez Rodríguez, Manuela Alonso Silva, Manuel Fernández Rodríguez, María Núñez López, José M. García Ferreiro, María Gómez Cachafeiro, Samuel Gómez Lorenzo e José J. Núñez López

Leste: Predios particulares de Manuel Fernández Rodríguez e monte comunal de San Martiño

Oeste: Predios particulares de Manuel Fernández Rodríguez, José Pérez Rodríguez, Germán Cachafeiro Albor e Manuela Alonso Silva



PARCELA 2

Cabida: 28,951 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Camiño da Regueira e predios particulares de Claudio García Carral, Isaura Otero Rodríguez e José J. Núñez López

Sur: Predios particulares de Manuel Fernández Rodríguez, Antonio Gómez Carral, Manuela Alonso Silva e Rosalía Núñez López

Leste: Predios particulares de José J. Núñez López, Isaura Otero Rodríguez, Claudio García Carral, Rosalía Núñez López, Manuela Alonso Silva, Manuel Fernández Rodríguez, Germán Cachafeiro Albor e José Pérez Rodríguez

Oeste: Predios particulares de Manuel Fernández Rodríguez, Camiño e monte comunal de Doade

PARCELA 3

Cabida: 27,256 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Camiño, predios particulares de José A. Cachafeiro Conde, Celsa Núñez López, Isaura Otero Rodríguez, José J. Núñez López, José Pérez Gómez, Manuel Fernández Rodríguez, José M. Fernández Gómez e camiño da Lagoa

Sur: Cruce da pista coa estrada de Doade e predios particulares de Celso Rodríguez Lamas, Manuel Fernández Gómez, Claudio García Carral, Manuel Gómez Otero e Isaura Otero Rodríguez

Leste: Predios particulares de Celso Rodríguez Lamas, Isaura Otero Rodríguez, Manuela Alonso Silva, José M. García Ferreiro, José J. Núñez López, José A. Cachafeiro Conde, José Pérez Rodríguez, M^a Carmen Pájaro Rodríguez, Julio Fernández Gómez, Antonio Gómez Carral e Celsa Núñez López e núcleo urbano

Oeste: Predios particulares de Manuel Gómez Otero, Manuel Fernández Rodríguez, Isaura Otero Rodríguez, Manuela Alonso Silva, Rosalía Núñez López, José A. Cachafeiro Conde e José M. Ferreiro Gómez e camiño de Nogueira

PARCELA 4

Cabida: 16,558 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Camiño e predios particulares de Manuel Fernández Gómez, Claudio García Carral, José L. García Ferreiro, Celsa Núñez López e Germán Cachafeiro Albor e camiño



Sur: Predios particulares de Manuel Fernández Gómez, José L. García Ferreiro, Manuel Fernández Rodríguez, José J. Núñez López, Germán Cachafeiro Albor, Claudio García Carral, Celso Rodríguez Lamas, José Pérez Rodríguez, Antonio Gómez Carral e Manuela Alonso Silva

Leste: Predios particulares de Germán Cachafeiro Albor, José J. Núñez López, Manuel Fernández Rodríguez, Rosalía Núñez López e Manuel Fernández Gómez e camiño de Suamoa

Oeste: Pista

PARCELA 5

Cabida: 33,830 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Camiño e predios particulares de Manuel Fernández Rodríguez, José A. Cachafeiro Conde, Antonio Gómez Carral e Manuela Alonso Silva

Sur: Predios particulares de Antonio Gómez Carral e monte comunal de Samprizón

Leste: Predios particulares de Manuel Fernández Rodríguez, Antonio Gómez Carral, José A. Cachafeiro Conde, José A. Pájaro Cachafeiro, David Lamas Núñez, Alvaro Lamas Fernández, Manuel Silvela Rodríguez, José Pájaro Filgueira, Antonio Bernárdez Lamas, Elida López López, José Alonso Bernárdez e Otilia Varela Presas

Oeste: Predios particulares de Manuel Fernández Rodríguez, Antonio Gómez Carral, José J. Núñez López, José A. Cachafeiro Conde, Rosalía Lorenzo González, Delfina López Pérez, Paz Lorenzo González, José J. Crespo González e Nonita Taín Otero

PARCELA 6

Cabida: 14,257 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Predios particulares de Manuela Alonso Silva, Antonio Gómez Carral, Manuel Fernández Gómez, Julio Fernández Gómez, Manuel Fernández Rodríguez, Claudio García Carral, José J. Núñez López e Celso Rodríguez Lamas

Sur: Predios particulares de José M. Ferreiro Gómez, Isaura Otero Rodríguez, Manuel Fernández Gómez, Antonio Gómez Carral e Manuel Fernández Rodríguez e regato Penidos

Leste: Predios particulares de Manuel Fernández Rodríguez, Antonio Gómez Carral e José A. Cachafeiro Conde

Oeste: Predios particulares de Manuel Fernández Rodríguez, Antonio Gómez Carral e José M. Ferreiro Gómez e camiño



PARCELA 7

Cabida: 3,908 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Camiño dos Pozos

Sur: Pista

Leste: Pista

Oeste: Predios particulares de Manuel Fernández Rodríguez, Isaura Otero Rodríguez, Claudio García Carral e Manuela Alonso Silva

PARCELA 8

Cabida: 16,699 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Predios particulares de José J. Núñez López, José Pérez Rodríguez, M^a Carmen Pájaro Rodríguez, María Gómez Cachafeiro, Celso Rodríguez Lamas, José Pájaro Filgueira, Julio Fernández Gómez, Samuel Gómez Lorenzo, Antonio Gómez Carral, Manuel Fernández Rodríguez, Claudio García Carral, Manuel Fernández Gómez e José M. Ferreiro Gómez e camiño da Chousa

Sur: Camiño e predios particulares de Celso Rodríguez Lamas, Rosa Conde Zobra e Julio Fernández Gómez

Leste: Predios particulares de Celso Rodríguez Lamas, José J. Núñez López, José Pérez Rodríguez e M^a Carmen Pájaro Rodríguez e monte comunal de San Martiño

Oeste: Predios particulares de José A. Cachafeiro Conde e Manuel Fernández Gómez, camiño e pista

PARCELA 9

Cabida: 9,512 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Camiño e pista

Sur: Predios particulares de Manuel Fernández Rodríguez, Antonio Gómez Carral, Claudio García Carral, Manuel Fernández Gómez, José Pérez Gómez, José J. Núñez López, Julio Fernández Gómez e José A. Cachafeiro Conde

Leste: Camiño e predios particulares de Manuel Fernández Rodríguez, José J. Núñez López, José Pérez Rodríguez e Claudio García Carral

Oeste: Predios particulares de Claudio García Carral, José Pérez Rodríguez, José Pérez Gómez e Manuel Fernández Rodríguez, camiño e pista



LUGAR: ABELEDA

PARROQUIA: SAN XOAN DE VILANOVA

Monte Penidos

Cabida: 33,940 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Río Penidos e predios particulares de José A. Cachafeiro Conde, Manuela Alonso Silva, Antonio Gómez Carral, Constantino Otero Rodríguez e Manuel Fernández Rodríguez

Sur: Predios particulares de Cándido G. González Taín, Esther González López, Manuel González Bernárdez, Manuela González Taboada, Nonita Taín Otero, José J. Crespo González, Paz Lorenzo González, Delfina López Pérez, Rosalía Lorenzo González e máis monte dos veciños de Abeleda

Leste: Cortalumes que separa de predios particulares de Gustavo Silvela, José Pájaro Rodríguez, Alvaro Lamas Fernández, Herdeiros de Antonio Bernárdez e outros veciños do lugar de Abeleda

Oeste: Predios particulares de propietario descoñecido con referencias catastrais: polígono 271, parcelas 1408 e 1407

Monte Espiño

Cabida: 7,535 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Concello de Dozón e predios particulares de Manuel Silvela Rodríguez

Sur: Concello de Dozón e predios particulares de Gustavo Silvela Gómez

Leste: Concello de Dozón

Oeste: Predios particulares de José Pájaro Filgueira, María I. Pájaro Cachafeiro, Alvaro Lamas Fernández, Herdeiros de Antonio Bernárdez Pájaro, José Pájaro Rodríguez e Manuel Silvela Rodríguez e estrada PO-202 Lalín-Carballiño



SETIMO.- Realizadas as comunicacións do artigo 23 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e aberto período de audiencia, con datas 12/01/08 e 28/01/08 Dña. Belén Raposo Pérez, en nome e representación de D. Manuel Fernández Gómez (veciño do lugar de San Martiño de Doade, parroquia de Doade), así como da CMVMC de Abeleda, presenta escritos no que se opoñen a clasificación instada polos veciños de Nogueira, manifestando: ” ... *que os veciños de Nogueira pretenden a clasificación de parte de tres parcelas de monte (nº 1, 8 e 9) propiedade dos veciños do lugar de San Martiño de Doade, e dunha peza do monte sita no lugar de Abeleda*” (nº 5, monte os Penidos) Acompaña ás alegacións con informes periciais e sentenza do Xulgado de Lalín que reproduce o foro do lugar de Abeleda.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.- De conformidade có artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 240/1992 do 4 de setembro comprende entender por montes veciñais en man común “... *os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de veciños*”.

Así, segundo abundosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como veciñal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.

Terceiro.- A vista da documentación presentada polos solicitantes e dos informes do Servizo de Montes e I.F, resulta acreditado que existe aproveitamento veciñal dos montes obxecto de clasificación.

En consecuencia, vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación, propónse polo Instrutor e de maneira unánime o Xurado acorda:



466

CLASIFICAR como veciñal en man común as parcelas Nº 2, 3, 4, 6 e 7, a favor dos veciños de Nogueira, da parroquia de Doade, do concello de Lalín., de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito sexto e a planimetría elaborada ó efecto polo servizo de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da resolución.

CLASIFICAR PARCIALMENTE como veciñal en man común as parcelas Nº 1, 8 e 9, isto é, deducindo a superficie das parcelas que é aproveitada conxuntamente polos veciños de San Martiño de Doade e mais os veciños de Nogueira, de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito sexto e a planimetría elaborada ó efecto polo servizo de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da resolución. Esta decisión obedece a imposibilidade de acreditar que os montes que se pretenden clasificar e nos termos solicitados sexan montes veciñais aproveitados en exclusividade polos veciños do lugar de Nogueira, do concello de Lalín

NON CLASIFICAR como veciñal en man común a parcela nº 5 ou "**Monte Penidos**", pois aínda que quedou demostrado o aproveitamento veciñal do monte, non obra no expediente documento ou proba, que avale as pretensións de ningún dos promotores para declara o monte solicitado como veciñal en exclusividade en favor de un ou de outro lugar.

CLASIFICAR INTEGRAMENTE, como veciñal en man común o monte denominado "**Monte Espiño**" a favor dos veciños de Abeleda, parroquia de San Xoán de Vilanova, de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito sexto e a planimetría elaborada ó efecto polo servizo de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da resolución.

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación recurso de reposición de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Jorge Ximenes



José Pajares